

BASES DO CERTAME DE REGUEIFAS NON PERDAS O NORTE

OBXECTO

O certame pretende apoiar e difundir a regueifa como forma de improvisación oral e contribuír á promoción do uso da lingua galega.

A participación é aberta e de balde (só para alumnado e profesorado do IES Perdouro) e concrétese co envío dun vídeo (no que debe aparecer, cando menos, unha persoa regueifando en lingua galega) e o correspondente formulario de inscrición

CARACTERÍSTICAS DOS VÍDEOS

- O idioma empregado ten que ser o galego.
- A temática é libre.
- En cada vídeo deben aparecer, cando menos, dúas persoas.
- Unha mesma persoa pode participar con un máximo de 3 vídeos.
- A duración máxima das pezas será de 3 minutos.
- Non se establecen restricións no formato, sempre e cando as gravacións se aprecien de xeito claro.
- Non se poderán transmitir imaxes ou mensaxes violentas, ofensivas e/ou discriminatorias. A organización descartará aqueles vídeos con contidos que non considere apropiados.

INSCRICIÓN

Os vídeos enviaranse xunto co formulario de inscrición cuberto que se atopa na páxina web do certame (www.nonperdasonorte.webador.co.uk). De

existir calquera problema ou dúbida, a canle de contacto coa organización do certame será o correo electrónico.

nonperdasonorte@gmail.com

A organización resérvase o dereito a empregar os vídeos participantes na promoción do propio certame, agás naqueles casos onde se indique expresamente o contrario no formulario de inscrición.

PRAZO

O prazo de presentación esténdese ata o 24 de abril do 2020.

O veredicto do xurado darase a coñecer través e das páxina de Instagram de NONPERDASONORTE e IES PERDOURO

10. Os premios entregaranse nun acto a celebrar no terceiro trimestre do curso que se anunciará nas redes sociais de NONPERDASONORTE. e IES PERDOURO

PREMIOS

Establécense os seguintes premios:

Regueifa máis brava: valoraranse os vídeos cun xeito de regueifar máis ousado, garboso, festeiro e divertido.

Regueifa máis aguda: valoraranse os vídeos máis enxeñosos, creativos e orixinais desde o punto de vista estético.

Regueifa máis reivindicativa: valoraranse os vídeos cunha temática crítica ou satírica, tendo tamén en conta o tratamento de asuntos de actualidade.

O xurado estará constituído por diversas persoas con experiencia e coñecementos no eido da regueifa. De haber aspectos non incluídos nestas bases susceptibles de interpretación, será o xurado quen tome as decisións pertinentes e estas serán inapelables.

O feito de concorrer ao certame "NON PERDAS O NORTE". implica a aceptación destas bases.